

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

27-03-19

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 21/01/2019 e o 14/02/2019 (extraordinaria)
2. Informes
3. Informe de asistencia a clase en caso singular
4. Definición do período de exames 2019-2020
5. Informes de coordinación por curso
6. Quenda aberta

**Asistentes:** M.S. Freire, J. González, A. Mosquera, F. Omil, M.C. Palacios  
S. González, E. Rodil

**Excusan a súa asistencia:** R.A. Guerra, G. Frutos

O día 27 de marzo ás 9:30 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### 1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 21/01/2019 e do 14/02/2019 (extraordinaria)

Apróbanse as actas das reunións da Comisión da Titulación do 21/01/2019 e do 14/02/2019

### 2. Informes

#### 2.1. Reunión cos alumnos do Grao en Enxeñaría Química

Reunión cos alumnos o 7 de febreiro as 13:00 h no Salón de Actos (2 asistentes). Tratamos temas relacionados coa carga de traballo por curso que aumenta a medida que pasan de curso. Tamén se falou da posibilidade de mover materias dun curso para outro o cal é bastante complicado neste momento coa acreditación IChemE. Informouse aos alumnos de que estaba aberto o prazo para presentarse ás eleccións para representantes de alumnos na Xunta de Escola. Tamén da importancia de cursar materias en inglés.



## 2.2. Solicitudes de equivalencia

2.2.1. Comisión do GrEQ consultada por correo do 24/01/2019.

O alumno C.F.S. licenciado en Química Industrial pola Universidade Autónoma de Puebla e co Máster en Enxías Renovables pola Universidade Autónoma de Madrid solicita se lle acepte o recoñecemento dos seus estudos co fin de acceder ao Programa de doutoramento de Enerxías renovables e sostibilidade enerxética da USC.

Consultando o perfil de ingreso de dito Máster, vese que aceptan a calquera titulado das áreas de Ciencias, Enxeñaría ou Economía:

Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun Enxeñeiro Superior en xeral co fin de acceder ao Máster.

2.2.2. Comisión do GrEQ consultada por correo do 21/03/2019.

A alumna G.E.D. licenciada en Producción Industrial polo Tecnolóxico de Costa Rica solicita que se informe sobre a equivalencia dos seus estudos co fin de acceder ao Máster de Investigación Biomédica da USC. A Licenciatura en Ingeniería de Producción Industrial do TEC está acreditada a nivel internacional por Canadian Engineering Accreditation Board (CEAB). <https://www.tec.ac.cr/programas-academicos/licenciatura-ingenieria-produccion-industrial>. Neste caso o máster de Investigación Biomédica non esixe estudos previos específicos para o acceso ao mesmo senón que da unhas recomendacións. Polo que só se precisa que se informe sobre o feito de que ditos estudos presentan un nivel equivalente a un Enxañeiro Superior en España.

Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun Enxeñeiro Superior en xeral co fin de acceder ao Máster.

## 2.3. Proposta de PDA

Con data do 04/02/2019 dende a ETSE infórmase do primeiro documento de proposta de PDA que se fai chegar aos coordinadores de curso por si houbera algún cuestión a comentar como grupo de interese identificado durante a elaboración do documento SGC PC-02 Planificación das ensinanzas

Infórmase ao Departamento de Enxeñaría Química, que á súa vez solicita o cambio á ETSE; que a materia de Laboratorio de Transporte de Fluídos e Transmisión de Calor non ten incluído o grupo de inglés a maiores e considérase que é preciso que se inclúa.

### 3. Solicitude de dispensa

O día 11/03/19 remitiuse a Coordinación a solicitude da alumna C.G.G. para aplicar no curso 2018-2019 as mesmas condicións na guía docente de “Reactores Químicos” que nos dous cursos pasados por mor dunha dispensa da asistencia a clase. Este tema foi abordado nas Comisións Académicas do 28/01/16, 08/04/2016 e 03/03/2017 e informada favorablemente en tódolos cursos.

A Comisión do Grao en Enxeñaría Química acorda na reunión consultar ao profesor encargado da materia este curso académico si accedería a considerarlle aprobadas as prácticas da mesma, xa que segundo consta C.G.G. as aprobou no curso 2016-2017 no que a profesora responsable foi J. González, asistente á reunión, e engadindo a maiores unha alternativa para a realización das outras actividades presenciais. De cumprirse ambos puntos procederase a informar favorablemente da exención.

Unha vez consultado o profesor J.M.G., que imparte e é o coordinador da materia neste curso académico 2018-19, este acepta realizar a avaliación da materia considerando soamente dous aspectos: o exame e as prácticas de informática. Dado que a alumna cursou a materia o curso pasado 2017-18 co profesor J.M.G. e cónstalle que as ten aprobadas acepta manter esta nota polo que a alumna terá soamente que facer o exame. A valoración de cada apartado será por tanto un prorrateo das porcentaxes que actualmente están indicadas na guía docente da materia para ambos apartados.

Atendendo ao anteriormente exposto a Comisión do GrEQ na súa reunión do 27/03/2019 informa:

- a) FAVORABLEMENTE da exención da asistencia as clases expositivas, interactivas de seminario e titorías da devandita materia, en virtude dos argumentos expostos anteriormente.
- b) Que a alumna deberá, no curso 2018-2019, aprobar o exame final para superar a materia, e que a cualificación que obteña corresponderá ao 80% da puntuación total da mesma.

### 4. Definición do período de exames 2019-2020

Co fin de elaborar o calendario de exames para o curso 2019-20, tendo en conta o calendario académico que vai ser aprobado proximamente polo Consello de Goberno, solicítase ás

comisións de titulación de grao que trasladen á ETSE a súa proposta de períodos de exames. O calendario que se vai aprobar indica que:

Para o primeiro cuatrimestre a docencia será entre o 9 de setembro e o 20 de decembro. O período de actas ábrese o 16 de decembro e pecha o 7 de febreiro, sendo a última data para publicar os resultados dos exames o 31 de xaneiro.

Para o segundo cuatrimestre a docencia será entre o 28 de febreiro e o 15 de maio. O período de actas ábrese o 15 de maio ata o 19 de xuño, sendo a última data para publicar os resultados dos exames o 15 de xuño.

Para a segunda oportunidade as actas abren o 22 de xuño e pechan o 24 de xullo, sendo a última data para publicar os resultados dos exames o 17 de xullo.

Tendo en conta eses períodos as datas dos exames que se proponen en cada unha das convocatorias son:

As datas fixadas pola comisión son:

Primeiro cuadrimestre:

Período docente rematará o 13/12/2019

Período de exames: do 17/12/2019 ao 21/01/2020

Segundo cuadrimestre

Período docente rematará o 15/05/2020

Período de exames: do 20/05/2020 ao 5/06/2020

Exames segunda oportunidade: do 22/06/2020 ao 15/07/2020

**c) Informes de coordinación por curso**

Reunión de coordinación 1º

Análise fin de 2º semestre Curso 2017-18

Como en anteriores semestres, co fin de non masificar as reunións as que deben asistir os profesores, non se fixo a reunión de final de semestre de forma presencial. Simplemente se queda a disposición dos profesores co obxectivo de analizar anomalías que puideran ter existido durante a realización do segundo semestre. Non se tivo constancia de ningunha disfunción aínda que cabe sinalar o feito de que houbo que substituír a un profesor por unha baixa médica, a cal foi resolta polo departamento de Enxeñaría Química de xeito satisfactorio. Ademais, non foi posible levar a cabo a visita técnica a CAPSA (Outeiro de Rei) por problemas de axenda e/ou comunicación coa empresa, a cal se retrasouse de maneira allea á coordinación de primeiro curso. Debido a dito retraso, non puido ser cambiada a visita técnica a outra factoría/empresa/instalación.

Análise comezo 1º semestre Curso 2018-19

Con data 10/09/18 convócase a reunión de comezo de semestre.

A carga de traballo, en base á experiencia dos profesores en cursos anteriores, considerase axeitada. Tamén se considera de utilidade o emprego do calendario virtual para a distribución e o coñecemento das distintas actividades por parte de todos os profesores. Para isto solicítase, ao igual que en cursos pasados, que os profesores implicados no semestre sexan constantes á hora de incluír no calendario virtual as diferentes actividades.

En cuanto á presenza de probas en determinadas materias, os profesores implicados mencionan que é mais útil dar a coñecer as datas con antelación, co obxectivo de que os alumnos poidan organizar o estudo das diferentes materias de forma óptima. Que as probas se anuncien previamente ten outro obxectivo adicional, que é minimizar a falta a clase dos alumnos nas materias que non teñan probas. A data das probas, ao ser coñecida, tamén podería incluírse no calendario virtual co código Prob-. Farase un seguimento do comportamento dos alumnos durante o semestre, para ver si esta estratexia resulta efectiva.

O profesor que coordina a materia de Fundamentos de Procesos indica que realizarase unha visita técnica á empresa Foresa (Caldas de Reis), que se levará a cabo en 2 días debido ao número de alumnos. A data de la visita darase a coñecer o antes posible para que o resto de profesores poidan organizar a impartición das súas materias con suficiente antelación.

Algúns profesores indican que farán unha proba de nivel para avaliar os coñecementos xerais dos alumnos. Menciónase o mal funcionamento do ordenador da aula A.1 no semestre que ven de rematar, pero este problema xa está solucionado.

#### Análise fin de 1º semestre Curso 2018-19

Con data do 23/01/2019 enviase un correo electrónico a todos os docentes implicados en materias do 1º semestre por si hai algunha incidencia ou punto que queiran comentar. Prantéxase a opción de realizar unha reunión en caso de que algún docente o considere oportuno. No se obtivo resposta por parte de ningún profesor, polo que dáse por concluído el semestre.

#### Análise comezo 2º semestre Curso 2018-19

Con data 07/02/19 convócase a reunión de comezo de semestre. Debido a que a distribución das actividades de traballo autónomo dalgúñas materias parecen afectar ao correcto desenvolvemento de outras materias a carga de traballo analizárase mediante o uso del calendario virtual, para a distribución e o coñecemento das distintas actividades por parte de todos os profesores. Indícase que na materia de Química Inorgánica, os alumnos non teñen que realizar ningunha memoria de laboratorio tralas prácticas, e teñen asignado un traballo corto (5 páxinas) desde o inicio do semestre. Nas prácticas de Física, as profesoras consideran que realizar a memoria de prácticas é complicado para os alumnos, polo que valoran simplificala. A Coordinadora do Grado en EQ asiste á primeira parte da reunión para tratar de encontrar unha solución conxunta á carga de traballo dos alumnos durante o desenvolvemento do curso.

#### Reunión de coordinación 2º

#### Análise fin de 2º semestre Curso 2017-18

Con data 13/07/18 elabórase acta de resultados de fin de semestre.

Debido a que a Coordinadora de segundo de grao de Enxeñaría Química atópase de estancia de investigación en lugar dunha reunión presencial elaborouse unha consulta vía correo electrónico.

Sen incidencias na materia de Laboratorio de Transporte de Fluídos y Transmisión de Calor. Soamente se indica que unha acción de mellora podería ser por a funcionar algunhas prácticas que fai tempo que no se fan coa axuda dos monitores colaboradores. So houbo un suspenso en inglés por non acadar o mínimo requirido no exame.

Os profesores da materia Química Orgánica indican que a docencia transcorreu con total normalidade. Parece que os alumnos aparentemente levaron a carga de traballo con menos estrés. Indican, que isto non ten que ter relación con cuestións de organización académica e pode deberse simplemente a que sexan una promoción con menos estrés que a do ano pasado. Indican que se nota unha mellora nas aulas de informática debida ao cambio dos ordenadores.

Os profesores da materia de Transmisión de Calor indican que o curso transcorreu con normalidade, aínda que, detectouse un aumento da carga de traballo no final do semestre. O número de alumnos que asistiu a titorías antes do exame foi excesivo, o que lles fai dubidar sobre a avaliación continua e o valor das titorías individuais ao longo do curso, xa que exceptuando unha alumna no grupo de inglés (a de mellor nota) e un par de alumnos no grupo de español (unha das cales foi tamén das mellores notas) non veu ningúen. Os resultados foron os esperados, aínda que con baixas cualificacións, especialmente no grupo de español. O exame da segunda oportunidade foi demasiado pronto para notarse a melloría.

Os profesores de TC indican, que o horario de segundo é moi complicado. Dous motivos complican o horario, por un lado a necesidade de impartir as prácticas de economía industrial pola tarde e polo outro que hai varias materias con grupo de castelán e inglés. Este feito, fai difícil a organización de titorías e seminarios, sobre todo os seminarios de AspenHysys (en español). En concreto neste curso, un dos grupos de AspenHysys tivo que ser impartido nunha aula de informática que tiña poucos ordenadores e ademais con falta de ratos ou problemas coa pantalla, co que foi incómodo para os alumnos. Por último, indicar que a visita técnica realizouse en dous quendas a Alcoa, San Ciprian, e os alumnos valorárona positivamente.

#### **Accións para o curso 2018-2019**

Os profesores da materia de Química Orgánica indican que sería bo que para o curso 2018-19 se puidese adiantar as sesións de ordenadores a principio de curso. Finais de febreiro ou principio de marzo así coincidiría moi ben co temario. A coordinadora indica que xa se realizou o cambio realizado para o curso 2018-19.

#### Análise comezo 1º semestre Curso 2018-19

Con data 20/09/18 convócase a reunión de comezo de semestre.

Un curso máis mantense o uso do calendario do curso co obxectivo de que todas as actividades (cunha carga de traballo considerable para os alumnos) propostas nas materias do curso, entrega de problemas, traballos, exposicións de traballos, etc., así como titorías de grupo, que non estean fixadas no calendario oficial, estean dispoñibles para profesores e alumnos. Deste xeito os profesores poden ter unha visión de conxunto e poden utilizalo para a organización das súas actividades evitando solapamentos ou sobrecargas de traballo para os alumnos en momentos determinados. Se lembra que para as titorías de grupo hai dispoñibles

tanto as horas que figuran como libres no calendario oficial como as establecidas para as clases maxistras e seminarios que poda ter cada materia en exceso de acordo co calendario oficial e é imprescindible que o profesor as indique no calendario virtual. A visita técnica realizarase á Potabilizadora de Santiago de Compostela organizada pola materias de Transporte de Fluídos e Electrotecnia. Solicítase aos profesores doutras materias que a inclúan nos programas das súas materias.

#### Análise fin de 1º semestre Curso 2018-19

Con data 11/02/19 convócase a reunión de fin de semestre.

O semestre desenvolveuse con normalidade. Sen embargo, os profesores indican que:

- O nivel con que entra o alumnado baixou considerablemente nos últimos anos. Os profesores consideran que os alumnos chegan a 2º de grao cun nivel de coñecementos inferior e con falla de conceptos básicos que deberían ter adquirido en 1º de Grao de EQ. O alumnos en xeral traballan pouco e non están acostumados a razoar e resolver problemas.
- O comportamento e a actitude dos estudantes en clase este curso, foi boa.
- A presentación das tarefas e dos exames non é óptima, moi desordenados, o que dificulta a súa corrección.
- A porcentaxe de aprobados é como en cursos anteriores pero cada vez hai mais aprobados e escasean os notables e sobresaíntes.
- Os exames estiveron moi xuntos no tempo e unha semana de vacacións en xaneiro antes de comezar o 2º semestre. Unha mellor organización do período de clases e de exames podería mellorar os resultados do semestre.

#### **Accións para o curso 2019-2020**

Os profesores indican que os alumnos de 2º de grao teñen grandes deficiencias en realización de balances de materia, en manexo de unidades de medida e as súas transformacións e que isto debería ser subsanado nas materias de 1º de Grao de EQ.

Os profesores indican que debería organizarse de forma máis axeitada o calendario de clases e os exames do 1º semestre de 2º de grao. Si é posible unha ampliación no período lectivo simplemente eliminado a semana de vacacións entre semestres permitiría un mellor desenvolvemento do semestre. En canto ao calendario de exames, intentar que estean o máis distanciados posible no tempo.

#### Análise comezo 2º semestre Curso 2018-19

Con data 22/01/19 convócase a reunión de comezo de semestre.

Un curso máis mantense o uso do calendario do curso co obxectivo de que todas as actividades (cunha carga de traballo considerable para os alumnos) propostas nas materias do curso, entrega de problemas, traballos, exposicións de traballos, etc., así como titorías de grupo, que non estean fixadas no calendario oficial, estean dispoñibles para profesores e alumnos. Deste xeito os profesores poden ter unha visión de conxunto e poden utilizalo para a organización das súas actividades evitando solapamentos ou sobrecargas de traballo para os alumnos en momentos determinados. Se lembra que para as titorías de grupo hai dispoñibles tanto as horas que figuran como libres no calendario oficial como as establecidas para as

clases maxistras e seminarios que poda ter cada materia en exceso de acordo co calendario oficial e é imprescindible que o profesor as indique no calendario virtual. Proponse incluír a visita técnica a Alcoa, San Ciprián (que organiza a materia de Trasmisión de Calor), noutras materias do curso e para iso pídese aos profesores que a inclúan nos programas das súas materias. Os profesores de prácticas indican que xa fixeron ás súas reunións de coordinación.

### Reunión de coordinación 3º

Análise fin de 2º semestre Curso 2017-18

Información recibida por correo electrónico con data 17/09/18.

Na materia Enxeñaría de Procesos os alumnos deste curso mostraron pouca capacidade de traballo e autonomía non sendo capaces de completar con éxito ningunha tarefa de seminario. Realizouse a visita a SOLOGAS entre as materias de Xestión e Tratamento de Residuos e Enxeñaría Ambiental. Na materia Control de Procesos realizouse unha visita técnica á Central Térmica de As Pontes.

Na materia Environmental Engineering houbo 9 alumnos matriculados. A súa asistencia á clase foi moderada, o 80% asistiu ás titorías grupais e practicamente todos asistiron á visita de SOLOGAS. En canto ás incidencias mais destacables: participación en clase boa pero non igual por parte de todos os alumnos aínda que en algún momento todos participaron. Algúns alumnos/as eran moi proactivos. As cualificacións referidas ao exame foron bastante boas. En especial fixeron mellor a parte de problemas que a de preguntas de teoría. En canto á carga de traballo foi razoable xa que a tarefa que se lles pediu a coñecían dende o comezo da materia e foron quen de levala a cabo progresivamente tal e como reflectiron as titorías relacionadas.

Enxeñaría Ambiental: nesta materia había 63 alumnos matriculados, cunha asistencia ás clases moi baixa. En canto ás titorías grupais, a asistencia foi practicamente completa así como a visita a SOLOGAS. Respecto ás incidencias, destacar a baixa asistencia a clase, sendo os alumnos moi pouco proactivos o cal se reflectiu nas notas, as cales foron bastante baixas. Destacar que compre facer un gran fincapé nos cálculos.

Análise comezo 1º semestre Curso 2018-19

Con data 11/10/18 convócase a reunión de comezo de semestre.

Todas as materias con profesores que asistiron á reunión teñen as súas actividades programadas e aos alumnos se lle informa convenientemente das datas de entrega das mesmas.

Nas materias Ciencia de Materiais e Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais existe unha boa coordinación entre os profesores que as imparten. Na materia de Transferencia de Materia, non hai coordinación entre os grupos de castelán e inglés.

Sistemas de produción Industrial, Fundamentos de Máquinas e Ciencia de Materiais pretenden realizar a finais de novembro a visita a Cerámicas Vereá. Transferencia de Materia en colaboración con Enxeñaría Bioquímica realizará a visita a Destilerías Compostela.

Os profesores comentan a pouca participación dos alumnos nas clases así como a elevada taxa de ausencia ás clases dos xoves e venres.



#### Análise fin de 1º semestre Curso 2018-19

Con data 12/02/19 convócase a reunión de fin de semestre.

En xeral todos os profesores indicaron as malas notas dos alumnos deste curso nas diferentes materias (resultados moito peores que en cursos previos). Ademais salientouse a falta de coñecemento por parte dos alumnos de conceptos básicos, fundamentais para o desenvolvemento das diversas materias (errores no uso de unidades, conversións, etc.). Coméntase tamén a falta de asistencia ás clases sobre todo os venres ao longo do semestre. Se indica como comentario xeral que a este curso lle resulta difícil sacar notas altas.

As materias de Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais, Ciencia de Materiais e Sistemas de Produción Industrial realizaron a visita a Cerámicas Verea os días 15 e 16 de novembro. Este curso non foi posible realizar a visita a Destilerías Compostela que organiza a materia de Transferencia de Materia.

A profesora da materia Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais comenta as dificultades que tivo para programar titorías grupais no semestre debido aos poucos ocios que quedan no horario tendo en conta que as clases ocupan o horario de toda a mañá, as prácticas son pola tarde e as titorías grupais doutras materias. Tívoise que realizar un cambio de horario na materia Resistencia de Materiais para as prácticas dada a coincidencia de horario destas prácticas con outra materia da profesora encargada de impartir esa docencia.

#### Análise comezo 2º semestre Curso 2018-19

Con data 14/02/19 convócase a reunión de comezo de semestre.

Non hai nada salientable nesta reunión. Mantense o emprego do calendario do curso para comunicar as actividades programadas que os profesores indican que xa teñen comunicado aos seus alumnos. Farase unha visita á empresa a SOLOGAS no ámbito da materia Enxeñaría Ambiental na que participarán polo seu interese as materias de Enxeñaría de Procesos, Reactores Químicos e Xestión e Tratamento de Augas. Os profesores comentan a actitude pouco proactiva dos alumnos respecto á realización de traballos, a falta de coñecemento por parte dos alumnos en conceptos básicos para o desenvolvemento das materias e o baixo coñecemento do inglés.

#### Reunión de coordinación 4º

##### Análise comezo 1º semestre Curso 2018-19

Con data 01/10/18 convócase a reunión de comezo de semestre.

Informouse que a reunión de coordinación cós alumnos tivo lugar o martes 18 de Setembro. Os temas tratados foron sobre Seguridade, as Visitas a empresa, Carga de traballo e o Traballo Fin de Grao.

Dos 95 alumnos matriculados no TFG, houbo 12 Non Presentados, 23 Renuncias automáticas, 60 Presentados e 4 Suspensos, entre as convocatorias de TFG de Xullo e Setembro. Un dos aspectos máis preocupantes, e que segue sendo un tema importante, é o plaxio. É necesario que os profesores que forman parte dos tribunais, coñezan ben a aplicación Turnitin, e como usar os resultados obtidos, así como tamén incidir nas reunións de información e coordinación cós alumnos sobre este tema.

Houbo unha situación particular cun grupo de alumnos de 4º que estaban en viaxe de Fin de Curso, solicitando unha solución para os alumnos do primeiro grupo que comezaban as

prácticas do Laboratorio de Procesos Químicos o día 12 de Setembro (9 en total), ao non poder asistir. Dado que non era unha causa xustificada para modificar horarios aprobados, antes do fin do curso pasado, pola Xunta da ETSE, o que se trasladou aos alumnos. Os alumnos implicados solicitaron cambio de grupo ao de inglés, que se cubriu por Normativa. Para corrixir a descompensación no número de alumnos entre grupos, a Xestora tentou contactar con outros alumnos que non estiveran afectados, para facer un novo reparto, pero non foi posible.

Os alumnos seguen dicindo que estiveron sobrecargados durante todo o curso, coas actividades de avaliación continua e, por mor das materias de laboratorio. Proponse que deberían de modificarse e adecuarse os prazos aos horarios e que, posiblemente, dende a Escola sería posible facelo, se o procedemento de cambio de grupos remata antes do comezo de actividades docentes.

En canto a visita, contactouse con Repsol, e se está a espera de recibir unha contestación por parte da empresa. Aínda que a visita é obrigatoria para a materia de Proxectos e Deseño de Instalacións vaise coordinar tamén coas materias de Seguridade e Prevención de Riscos.

Todos os profesores indican que as actividades de avaliación continua están contempladas nos programas docentes aprobados, sen excesivos cambios respecto ao curso anterior, e que, dende o comezo do curso son coñecidas as datas de entrega nas materias de Simulación e Optimización, Procesos de Química Industrial e Seguridade e Prevención de Riscos. No calendario de actividades se incluírán datas importantes de entrega de actividades, de memorias de Laboratorio, Titorías de grupo, Exposicións, Visitas, etc.

#### **Accións para o curso 2018-2019**

Traslado á profesora A.M.C., como nova coordinadora do Grao, dunha das accións de mellora que se suxeriu na reunión do curso 2017-2018: a coordinación horizontal e vertical entre materias que están relacionadas coa materia de Proxectos e Deseño de Instalacións, no que atinxe a contidos, especialmente. Esta reunión farase a longo do semestre.

#### **Análise fin de 1º semestre Curso 2018-19**

Non se fixo reunión de fin de semestre de 4º. Mandarase un correo electrónico para que os profesores indiquen se houbo algunha novidade, que non fora comunicada, acerca do transcurso do curso, e abrírase a posibilidade de que algún profesor poda aportar algunha idea ou acción de mellora para o próximo curso. En calquera caso, informarase dos resultados do curso, unha vez rematada a segunda oportunidade e a defensa dos TFG na primeira reunión do curso que vén.


#### **d) Quenda aberta**

Os horarios antes da súa aprobación revisaranse polos coordinadores de curso por si observaran algún erro ou similar do que informar á ETSE. Non os enviarán aos profesores xa que aínda non está feito o POD.

A coordinadora informa que duración dos estudos no curso pasado foi superior ao valor límite proposto na memoria do grao e polo tanto haberá que tomar medidas.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 10:55 h

En Santiago de Compostela, a 27 de marzo de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral  
Coordinadora do Grao